

COMENTARIO DE TEXTOS POÉTICOS

â . INTRODUCCIÓN

Pode ser un quen de recoñece-lo autor do texto e de facer unha breve introducción inserindo a súa obra na historia da literatura e a composición na súa obra. Con todo, como isto non ten, nin sequera que ser habitual, caso de non ser coñecedor da autoría, débese proceder cando menos a

- Determina-lo xénero
- Matiza-lo subxénero ó que poida pertencer
- Integra-lo poema dentro da tradición galega, hispánica e occidental.

Logo de facer isto, sempre que a esta altura resulte posible, poderíase desenvolver un breve resumo, no cal que se manifeste o tema central e os motivos menos desenvolvidos que serven de complemento, contraste ou mesmo de descanso do tema central.

ã . PLANO DA EXPRESIÓN

ã .â . O compoñente métrico-fonolóxico

O VERSO: Unidade mínima de dito compoñente dotada de sentido e que combinada compón a estrofa.		
SIMPLES	de ARTE MENOR (ata 8 sílabas)	
	de ARTE MAIOR (de 9 a 11 sílabas)	
COMPOSTOS (12 sílabas ou máis)	CESURA: Pausa dos versos compostos que se encontra aproximadamente na metade do verso	
	HEMISTQUIO: Cada unha das partes idénticas en que a cesura divide o verso composto	ISOTIQUIO: Cando as partes do verso composto se teñen a mesma medida
	HETEROTIQUIO: Cando teñen medida diferente	
VERSO IAMBICO: O acento estrófico recae sobre unha sílaba par		
VERSO TROCAICO: O acento recae estrófico sobre sílaba impar		
OXITONO, PAROXITONO, PROPAROXITONO		

A CANTIDADE: Cómputo métrico fonolóxico
SINALEFA: Unión nunha única sílaba dunha palabra que termina cun son vocálico coa seguinte se esta comeza por vocal (<i>a patria esquecendo</i> . Pondal)
DIALEFA: Cando non se realiza a sinalefa para adaptar un verso a determinada medida métrica.
DIÉRESE: Ruptura dun ditongo verdadeiro para adapta-la medida do verso ós anteriores ou posteriores. (<i>Tan soamente fiadas</i> . Pondal)
SINÉRESE: Formación dun ditongo non existente. (<i>Das fillas de Breogán</i> . Pondal)
AFÉRESE: Supresión dunha sílaba ó principio de palabra (<i>¡Rosalía! ¡ña Nai!</i> , Cabanillas)
PRÓTESE: Adición dunha sílaba ó principio de palabra (<i>anamorado</i> . Curros)
SINCOPA: Supresión dunha sílaba no medio da palabra (<i>non vin soio, miña xoia</i> . Rosalía)
EPENTESE: Adición dunha sílaba no medio da palabra (<i>...o voxo constante</i> . Pondal, por 'voo')
APOCOPE: Supresión dunha sílaba á fin de palabra
PARAGOXE: Adición dunha sílaba á fin da palabra (<i>Todo é folgare</i> . Rosalía)
ANACRUSE: Sílabas febles, anteriores ó primeiro apoio rítmico do verso simple ou de cada hemistiquio composto, que poden no ser computadas: (<i>envolveito en brancuras recentes de liño</i> . Cabanillas)

ACENTO:	ESTROFICO: É o acento que aparece sempre na penúltima sílaba da última palabra do verso	
	RÍTMICOS: Son os restantes acentos do verso que coinciden co estrófico ó recaer en sílaba par ou ben impar	
	EXTRARRÍTMICOS: Acento contiguo a un acento rítmico	
	IÁMBICO	a-t <i>O sol na corda está enterrado.</i> X.M. Díaz Castro
	TROCAICO	t-a <i>Uces e toxeira nas estrelas.</i> Eduardo Moreiras
	DACTILICO	t-a-a <i>San Benitiño de Coba de Lobo.</i> Popular
	ANFIBRÁQUICO	a-t-a <i>As cóchegas brandas, as litas alegres.</i> Rosalía
	ANAPÉSTICO	a-a-t <i>Vindeo ver como bule cós dedos.</i> Rosalía
	verso de GAITA GALEGA acento na 3ª e 9 no decasílabo, 4ª e 10ª no hendecasílabo	

Hendecasílabo ITALIANO	Acento na 4ª, 8ª e 10ª
Hendecasílabo ENFÁTICO	Acento na 1ª, 6ª e 10ª
Hendecasílabo HEROICO	Acento na 2ª, 6ª e 10ª
Hendecasílabo MELODICO	Acento na 3ª, 6ª e 10ª
Hendecasílabo SÁFICO	Acento na 1ª, 4ª, 6ª ou 8ª e 10ª
Hendecasílabo A FRANCESA	Acento na 4ª sobre palabra aguda, 6ª ou 8ª e 10ª
PENTASILABO ADÓNICO	1ª e 4ª

PAUSA RÍTMICA:	INICIAL: É a que se encontra ó inicio do primeiro verso da estrofa ou do poema
	VERSAL: Aparece ó remata-lo verso cando posúe este esticomitia
	ESTROFICA: Pausa que separa as estrofas
	FINAL TOTAL: Encóntrase ó finaliza-lo poema
	BRAQUISTIQUIO: Pausa verbal que aparece co encabalgamento abrupto

TON	O ton dun verso é un fenómeno que se relaciona estreitamente coa lonxitude do mesmo posto que canto maior sexa o número de sílabas métricas que posúa o verso o ton será máis grave, solemne e cerimonioso, e cantas menos teña o ton será máis áxil e dinámico.
------------	--

ESTICOMITIA	Axuste que existe entre a construción sintáctica e o verso (É o contrario ó encabalgamento) (Unha oración ocupa un verso)
--------------------	---

ENCABALGAMENTO:	Desaxuste que existe entre a pausa rítmica e a construción sintáctica (Unha oración ocupa máis dun verso)
------------------------	---

VERSO ENCABALGANTE: É o que inicia o encabalgamento	
VERSO ENCABALGADO: O que finaliza o encabalgamento	
Encabalg. ABRUPTO	Cando o verso encabalgante termina antes da quinta sílaba métrica do verso encabalgado. Ó ocorrer isto aparece inmediatamente unha pausa verbal denominada BRAQUISTIQUIO
E. SUAVE	Cando o verso encabalgante chega ata a quinta sílaba ou o sobrepasa
E. LÉXICO	Fragmentación dunha palabra que se continúa no verso seguinte

R I M A	ASONANTE: Cando só coinciden as vocais	
	CONSONANTICA: Cando coinciden os sons vocálicos e consonánticos	
	LIBRE: Cando ningún verso coincide no seu esquema de rima	
	RIMA ABRAZADA	abba ou ABBA
	RIMA CRUZADA	abab ou ABAB
	RIMA CONTINUA	AAA, bbbb
	RIMA XÉMEA	AA BB CC DD
	RIMA ENCADEADA	ABA BCB CDC DED
	RIMA INTERNA	Unha palabra interior do verso presenta coincidencia rimática coa final.

ESTROFA		
	E. ISOMETRICAS	Os seus versos miden o mesmo número de sílabas
	E. HETEROMÉTRICAS	Presentan dous ou máis versos de distinto número de sílabas
	DENOMINACIÓN	ESTRUCTURA
2	Pareado	AA / aA / Aa / aa
3	Tercetos	A-A
	Soledad	a-a rima asonante
	Tercerillas	a-a rima consonante
4	Cuarteto	ABBA
	Cuarteto lira	(11-7) aBaB
	Redondilla	abba
	Cuarteta	abab
	Serventesio	ABAB
	Seguidilla	(7-11) -a-a
	Caderna vía	4 alexandrinos monorrimos
	Estrofa alcaica	4 versos, 3 decasílabos, pero o terceiro eneasílabo
5	Estrofa sáfica	3 hendecasílabos sáficos + un pentasílabo adónico
	Quintilla	aabab (e variantes)
	Quinteto	AABAB (e variantes)
6	Lira	(7-11) aBabB
	Sexta rima	ABABCC
	Sexteto paralelo	AAB CCB
	Sexteto Romántico	Aab Ccb
	Sexteto-lira	aBaBcC
7	Sextilla	aab aab
	Setina	Sete versos de arte menor
	Sétima	Sete versos de arte maior
8	Seguidilla con bordón	o 1º, 3º e 6º heptasílabos, o resto pentasílabos. Asonante
	Oitava real	(11) ABABABCC.
	Oitava italiana	= ó anterior. O 4º e o 8º son agudos e ás veces heptasílabos
	Copla de arte maior	(12)ABBA ACCA
10	Copla de arte menor	(8) abba acca
	Décima irregular	ABBA ABA BBB
12	Décima espinela	abba acc bcc
	Composta de 2 sextillas de octosílabos	
¿?	Copla de pé quebrado	4,6,8,10 ou 12 versos que combinan sucesivamente dous octosílabos e un tetrasílabo. Rima variable
	Estancia	(7-11)

POEMA		
ESTRÓFICO	MONOESTRÓFICO	
	POLIESTRÓFICO	SOLTOS: As estrofas relaciónanse mediante o tema
		ENCADEADOS: Relaciónanse pola repetición dalgún verso
NON ESTRÓFICO	POEMAS ESTRÓFICOS: O vilancico, o zéxel, a glosa, o soneto, o madrigal e a canción	
TIPOGRAMA	Están formados por versos (Os romances)	
CALIGRAMA	Debuxo realizado mediante careacteres impresos	
Con EXPRESIVIDADE NON FIGURATIVA	Debuxo realizado mediante caracteres escritos a man	
con DISPOSICIÓN ACRÓSTICA	Distribución anticonvencional do material do texto sen recorrer ó debuxo, na que soe cobrar especial relevo o baleiro, os ocios entre palabras	
con DISPOSICIÓN MESÓSTICA	Letras iniciais de cada verso compoñen unha palabra	
con DISPOSICIÓN TELÉSTICA	Letras mediais de cada verso compoñen unha palabra	
con DISPOSICIÓN EN AMALGAMA	Letras finais de cada verso compoñen unha palabra	
DISPOSICIÓN EN POLÍNDROMO	Aparecen as palabras xuntas, sen separación entre elas	
	O conxunto de letras pode ser lido igual de esquerda a dereita que de dereita a esquerda.	

POEMA	
MUINEIRA	Serie ilimitada de versos de gaita galega
VILANCICO	Versos de arte menor. Esta estrofa presenta primeiro un estribillo denominado cabeza, máis un pé de seis ou sete versos composto por unha mudanza, un verso de enlace, e unha volta e unha represa. Os dous últimos versos riman con todo o estribillo ou coa súa parte final.
GLOSA	Texto breve comentado ou desenvolvido noutro máis extenso
SONETO	
SONETO CON ESTRAMBOTE	+ 1 ou máis estrofas de 3 versos: 7-11-11
SONETILLO	Arte menor
RONDEL	Serie de estrofas denominada <i>verse</i> , mais outra final a xeito de <i>envoi</i> , organizado de maneira variable, pero sempre repetitiva
COSAUTE	Serie ilimitada de pareados entre os que se repite un breve estribillo. Imprecisamente tense chamado <i>cantiga paralelística</i>
CANTIGA DE REFRÁN	Serie ilimitada de estrofas breves unidas pola rima dun curto estribillo. Na lírica medieval opúñanse a <i>Cantiga de Mestría</i>
ROMANCE	Serie ilimitada de versos octosílabos con rima asonante nos pares
ROMANCILLO	Romance de versos con menos de oito sílabas
ROMANCE HEROICO	Romance de versos de arte maior
SILVA	Serie ilimitada de hetasílabos e hendecasílabos con rima consonante, na cal ás veces se introducen versos soltos

FIGURAS DO COMPOÑENTE MÉTRICO FONOLÓXICO

ALITERACIÓN: Combinación repetida de certos sons iguais ou afíns ó longo dun verso, estrofa ou poema.

APÓSTROFE: Nunca leva signos de interrogación. Invocación ou chamada a un ser ausente ou presente, real ou imaxinario, mesmo personificado.

EXCLAMACIÓN RETÓRICA: Sempre entre signos de exclamación. O poeta trata de expresar sentimentos subxectivos conectados directamente coas súas máis íntimas sensacións.

FONOSIMBOLISMO: Evocación de sensacións non auditivas por medio da expresividade dos sons, Pode ser visual, táctil, cinético ou auditivo

INTERROGACIÓN RETÓRICA: Entre signos de interrogación. Consiste na formulación dunha pregunta que non precisa ningunha resposta.

ONOMATOPEA: Aliteración que trata de reproducir ou suxerir sons da realidade.

PARONOMASIA: Reunión de voces de pronuncia semellante con significados distintos

SIMILICADENCIA: Úsanse palabras con son semellantes no mesmo accidente gramatical (verbos con mesmos sufixos).

ã .ã . O COMPOÑENTE MORFOSINTÁCTICO

1. Ó inícia-la segunda parte do comentario, teremos que analizar en primeiro lugar o estilo. Denomínase estilo, á forma particular de escribir de cada autor. Tamén se entende por estilo, cando ó longo del, van aparecendo novas informacións que complementan a información inicial da que se partía. O estilo debe de ser analizado en dúas vertentes:

Estilo Progresivo: Un texto posúe un estilo, cando ó longo del, van aparecendo novas informacións, que complementan a información inicial da que se partía.

Estilo non progresivo: Son aqueles textos nos cales se repite constantemente a mesma idea inda que estea expresada con palabras diferentes.

Amais disto, deberemos distinguir se é un

Estilo nominal: Aquel que presenta unha maior abundancia de substantivos e adxectivos e unha menor abundancia de formas verbais. O estilo nominal favorece a aparición do subxectivo nun texto. Gracias ós adxectivos toma relevancia o descritivo facéndose a composición máis lenta e menos dinámica ca nos textos que posúen estilo verbal.

Estilo verbal: Son aqueles textos en que predominan as formas verbais. O estilo verbal caracterízase por ser obxectivo, e é un estilo áxil, máis dinámico có nominal.

2. Ó comentar un texto, debemos analizar detidamente a frecuencia ou non con que aparecen as clases de palabras máis importantes (subs., adx., verbos, pron.,) comenzando a análise por:

2.1. SUBSTANTIVOS: Deberemos analiza-los seguintes aspectos:

-A súa escaseza ou abundancia posto que se son escasos poden favorecer-la aparición do estilo verbal e se son abundantes confirman o estilo nominal

-Deberemos analizar se son substantivos concretos (tendencia descritiva) ou se abstractos (amor, dor, morte,...) que favorecerán a aparición de sentimentos subxectivos, conectados cos elementos líricos do poeta.

-Convén reagrupa-los substantivos presentes no texto, os chamados campos léxicos (grupos de substantivos que posúen algunha característica común)

-A presenza de sufixos pode traer consigo matices expresivos. Os aumentativos aportan un ton irónico, burlesco. Os despectivos, trazos negativos. Os diminutivos, disposición positiva de tipo afectiva e en moitas ocasións tratan de realza-la función poética do texto.

2.2 ADXECTIVOS: Constitúen un dos elementos clave na análise dun texto

-Escaseza ou abundancia

-Tipoloxía: **Especificativos** (aqueles que expresan unha calidade secundaria do substantivo que serve para individualizalo) ou explicativos ou **epítetos** (aqueles que expresan unha calidade primaria do substantivo con valor primordialmente estético. Entre os epítetos encontramos a seguinte tipoloxía:

EPÍTEO LAUDIFICADOR	É aquel epíteto que expresa a calidade máis típica que posúe o substantivo ó que acompaña (branca neve, noite escura,...)
EPÍTEO LAUDATIVO	Acompaña a un substantivo intentando gabalo ou denigralo ó máximo (ondas xigantescas)
EPÍTEO APOSITIVO	Aparece sempre entre pausas gráficas e funciona case coma un substantivo (O aire está seco, enrarecido)
EPÍTEO FRASE	Corresponde a oracións subordinadas de relativo que van acompañando a un substantivo. Procuran embelecer (O balcón, que choraba ó sur, pechouse)
EPÍTEO VISIONARIO	Aparece este tipo cando a un substantivo o acompaña un adxectivo que non ten ningún tipo de relación co primeiro, é dicir, o adxectivo porta un significado incoherente con respecto ó substantivo. En moitas ocasións, os adxectivos adquiren o seu valor mediante construcións preposicionais, introducidas xeralmente pola preposición <i>de</i> . (home de papel)

2.3 PERSOAIS: Constitúen un elemento clave á hora de realizar un bo comentario, posto que debemos ter en mente se o texto aparece escrito en primeira persoa ou se polo contrario non aparece así. Cando un texto poético aparece escrito en primeira persoa, a expresión de sentimentos íntimos e o ton subxectivo resultan patentes. Se, pola contra, se emprega outra alternativa é probable que a subxectividade descenda e predomine, sen embargo, o narrativo sobre o lírico. Nun texto debemos ter en conta a posibilidade de que aparezan diferentes valores dos pronomes, sendo os máis frecuentes:

-Valor **enfático**: Aparece cando nunha oración se remarca o pronome a pesar de non ser necesaria a súa presenza posto que xa se sobreentende no contexto verbal ou no da composición.

-Valor **pleonástico**: Consiste na utilización de dous pronomes coa mesma función sintáctica tratando tamén de reforzar.

2.4. VERBOS: Deberemos ter en conta se son escasos ou abundantes posto que a súa escaseza favorece o estilo nominal e un ritmo máis lento, polo contrario a abundancia favorece o estilo verbal e un ritmo máis áxil ou dinámico. Deberemos tamén realizar análises das principais formas verbais, pois poden axudar a configura-la situación temporal do poema fixándonos especialmente se existen.

-Pres. De Indicativo: Serve para remarca-la realidade. Á hora de analiza-lo presente, poden aparecer unha serie de valores:

Pres. **histórico**: Chámaselle presente dramático. Supón o emprego do presente con valor de pasado: *Tódolos esforzos peninsulares se centran na cidade de Sevilla. Alí van os poetas da corte de Afonso X.*

-Presente **prospectivo**: Expressa unha acción futura. A orientación de futuridade vén indicada por un adverbio ou frase equivalente: *Mañá chegan eles.*

-Presente **habitual**: Expressa accións habituais: *Sempre xantamos tarde.*

-Presente **intemporal** ou permanente: refírese a realidades concibidas fóra do tempo, eternas ou de validez ilimitada: *Dúas e dúas son catro. A Terra é redonda.*

-Con valor **imperativo**: *Ti cólleslle o que che dea.*

-Imperfecto de indicativo: Temporalmente se caracteriza por esvaeecer un tempo. O valor máis habitual é o de imperfecto narrativo, que é utilizado polo poeta para contar acontecementos que non interesa que estean moi concretos a nivel temporal; este imperfecto aparece xeralmente como forma dominante nos romances e tamén nos contos infantís.

-O perfecto: Afasta os acontecementos da área afectiva do lector, o que provoca en moitas ocasións reflexión profunda ante o que se le, pero distanciada.

Tamén deberemos ter en conta se predominan os tempos do modo indicativo ou os do subxuntivo. En caso de predomina-los primeiros os feitos expostos estarán totalmente conectados coa realidade e se os segundos estarán conectados coa posibilidade, desexo, probabilidade, e polo tanto, máis afastados da realidade, pois o subxuntivo é o modo do subxectivo.

2.5. NEXOS: Analizarémo-la posible presenza de:

-Conxuncións coordinadas: Se abundan esaxeradamente favorecen a presenza dun estilo infantil, ou coloquial, vulgar.

-Conxuncións subordinadas: Cando abundan estamos ante un estilo retórico, culto, rebuscado,...

Valores:

-Valor ilativo (Nexo e): Cando a conxunción aparece ó inicio dun texto ou despois dun punto.

-Valor ponderativo (Nexo e): Cando vai entre signos de admiración: *¡Vaites, e canto te quixen!*

-Valor enlazante (Nexo e): Cando o nexo une dúas palabras iguais: *Suspendía e suspendía.*

-Valor intensificador (nexo disxuntivo): *Ou véis ou quedas.*

Valor Identificador (nexo disxuntivo): Cando mediante a conxunción *ou* se identifican dous elementos como idénticos

Asíndeto: Consiste na eliminación das conxuncións coordinadas dun texto buscando lograr unha maior rapidez e dinamismo.

Polisíndeto: Presencia de conxuncións que retarda o ritmo do verso converténdoo en máis lento e cerimonioso.

3. SINTAXE DO TEXTO: Orde das palabras. Nun comentario debemos analizar tamén a sintaxe posto que se o texto aparece escrito en oracións simples a súa sintaxe é sinxela e a súa comprensión é máis doada. Pola contra, se no texto predominan as subordinadas, a súa sintaxe escurécese.

Tamén convén atender á orde das palabras, pois o autor pode elixir diferentes tipos de orde:

-**Orde lóxica:** Respecta a sintaxe normal do galego: Sux + Pred + O.D. + CC.

-**Orde Afectiva:** É aquel que dispón os elementos segundo o interese con que os enuncie o autor. Salienta algún elemento.

-**Orde rítmica:** Consiste en dispo-las palabras nos versos buscando repetir esquemas acentuais de versos anteriores.

-**Hipérbato:** É a alteración por motivos artísticos da orde das palabras.

Hipérbato suave: Sintaxe non moi trastocada

Hipérbato violento: Cando a sintaxe é inintelixible.

PRINCIPAIS FIGURAS DO CAMPO MORFOSINTÁCTICO

POR OMISIÓN	ELIPSE	Supresión de elementos da oración. Isto dótaa de brevidade, enerxía e rapidez. Favorece a exposición do estilo nominal pois acostuma producirse elipse do verbo.
	BRAQUILOXÍA	Supresión de elementos da frase que non están no contexto
	ZEUGMA	Elipse pola que un termo non está no enunciado e exprésase nos seguintes
	ASÍNDETO	Supresión de conxuncións
	PARATAXE	Prevalencia da coordinación cando é de espera-la subordinación
	RETICENCIA	Figura que consiste en deixar unha idea sen acabar a nivel gráfico porque se sobreentende. Vai indicada por puntos suspensivos: <i>Ofreceume os seus labios e...</i>

POR ACUMULACIÓN	AMPLIFICACIÓN	Desenvolvemento dun motivo cun máximo de palabras para alonga-lo texto. Pode valerse de calquera fenómeno producido por acumulación ou recorrencia	
	PARÁFRASE	Amplificatio consistente en repetir ou traducir un texto de maneira modificada ou libre	
	EXPOLITIO	Presenta un mesmo motivo en diversos aspectos	
	INTERPRETACIÓN	Consiste en repeti-lo mesmo con outras palabras	
	DIGRESIÓN	Saída do tema	
	PARENTESE	Intercalación de partes incidentais ou secundarias	
	XENITIVO ESCALONADO	Indicador de posesión ou de orixe de complemento en complemento de maneira sucesiva	
	SUPERLATIVO HEBRAICO	Grao máximo ou absoluto expresado a través dunha construción na que o primeiro elemento se sobrepón ó mesmo en plural: <i>Nenia das nenias</i> (A. Iglesia Alvaríño)	
	ACUSATIVO GREGO	Construción de relación ou parte na cal se especifica en que sentido é válido o que se expresa	
	DATIVO ÉTICO	Uso do pronome persoal para indicar que alguén se encontra moi interesado na acción do verbo	
	ABLATIVO ABSOLUTO	Cláusula de valor circunstancial constituída por un participio e un nome concertados	
	PARTICIPIO OU XERUNDIO CONCERTADO	Participio ou xerundio que concerta cun nome da cláusula principal	
	PLEONASMO	Engadir palabras innecesarias pero valiosas pola súa riqueza expresiva: <i>Vino cos meus propios ollos</i>	
	EPÍTETO		
	PARADIÁSTOLE	Acumulación opositiva de expresións con significados próximos	
ENUMERACIÓN	Acumulación ordenada ou caótica de palabras sucesivas		
CIRCUNLUCIÓN	Expresión por medio dun rodeo de algo que pode designarse máis directamente		
PERIFRASE	Di cun rodeo de palabras o que podería dicir con só unha		

POR ALTERACIÓN DA CONCORDANCIA

ANACOLUTO: Ruptura da concordancia gramatical producindo un efecto ilóxico

SILEPSE: Ruptura da concordancia gramatical mantendo o sentido semántico: *Lenelene entras na carta i escribes froes murchas* (U. Novoneyra).

HIPÁLAXE: Aplicación dun complemento oracional a unha parte que non lle corresponde: *Eu sentía un lonxe triste*. (María Mariño)

POLA ORDE	HIPÉRBATO	Alteración da orde lóxica da frase
	HISTETOLOXIA	Hipérbato que anticipa o que lóxicamente debería estar posposto
	TMESE	Hipérbato que intercala un elemento entre dous compoñentes dunha palabra, habitualmente composta
	CATAFORA	Anticipación do que vaivir despois
	CALAMBUR	Figura que xorde cando ó agrupar doutro modo as sílabas das palabras estas cambian de significación
RETRUÉCANO	Dici-las mesmas palabras con orde inversa e significado contrario: <i>Un santo triste é un triste santo</i>	

ENÁLAXE: Figura gramatical que supón o cambio funcional dunha parte de discurso por outra; por exemplo, os modos e os tempos do verbo, o adxectivo en lugar do verbo, o chamado presente histórico ou o imperfecto na narración: *voume mañá*, ou *corre rápido* (no canto de *ireime mañá* ou *corre rapidamente*)

HIPÓSTASE: Uso dunha palabra en función sintáctica que non lle compete

POR RECURRENCIA	EPANALEPSE	Repetición dunha ou máis palabras en contacto
	ANADIPOSE	A última palabra dun verso é a primeira do verso seguinte.
	CONCATENACION	Continuación progresiva da anadiPOSE
	EPANADIPOSE	A primeira palabra dun verso é a última dese verso ou do verso seguinte
	ANÁFORA	Repetición dunha ou varias palabras ó inicio do verso
	EPÍFORA	Cofécese tamén como 'conversión'. A repetición é ó final de cada verso
	COMPLEXIÓN	Anáfora e epífora simultáneas
	EPÍNOME	Repetición dunha expresión ou dun verso ó longo do texto
	POLIPOTE	Consiste en empregar palabras da mesma raíz potenciando o seu valor semántico
	FIGURA ETIMOLÓXICA	Repetición dun radical
	HOMEOPTOTO ou SIMILCADENCIA	Repetición das formas de flexión verbal ou nominal
	POLISÍNDETO	Repetición de conxuncións
	PARALELISMO	Estructuración en varios conxuntos seguindo o mesmo esquema

ã .ä . O COMPOÑENTE LÉXICO-SEMÁNTICO

Na maioría dos textos constitúe o apartado máis importante do comentario, porque, gracias á análise deste compoñente, logramos entende-lo significado final que se agacha tralo texto.

1. A significación das palabras: Comentaremos, en caso de aparecer, os seguintes fenómenos:

- POLISEMIA**: Aparecen nun texto palabras que posúen máis dun significado.
- SINONIMIA**: Consiste na aparición nun mesmo texto de varias palabras (distintos significados) con significado xeral similar.
- ANTONIMIA**: Aparece cando nun texto existen palabras que se contraponen totalmente a nivel semántico. A antonimia dá lugar a dúas figuras literarias a **ANTÍTESE** OU CONTRASTE e a **PARADOXA**.

2. Conxuntos de palabras:

-a **ENUMERACIÓN**: Consiste na aparición nun texto dunha serie de elementos normalmente sucesivos que posúen a mesma función dentro dese texto e que, xeralmente, se relacionan tamén a nivel semántico. Existen dous tipos de enumeración: A enumeración ordenada, que segue unha orde lóxica, ben ascendente (climática), ben descendente (anticlimática), na súa ordenación; e enumeración caótica, sen orde de ningún tipo.

-a **REITERACIÓN**: Consiste na repetición dunha palabra ou idea. Existen dous tipos de reiteración:

- EN CONTACTO** (a repetición da palabra realízase ó lado da súa primeira aparición)
- DISPERSA** (reitáranse ideas semanticamente relacionadas, pero que se encontran separadas por grupos de palabras. Hai tres tipos de reiteración dispersa:

-**CORRELACIÓN**:

-**PARALELISMO**

-**QUIASMO**: *Se amas cando odias ou se odias cando amas.*

-**DISFEMISMO**: Emprego adrede de expresións malsoantes substituíndo innecesariamente vocábulos

-**EUFEMISMO**: Perífrase que se emprega para evitar tabús ou vocábulos que por circunstancias resultan malsoantes

3. **OS TROPOS**: Vocábulo que provén do grego 'tropos' e con el referímonos ó cambio que experimenta unha palabra, que pasa a ser substituída por outra coa que aparentemente non garda excesiva relación, se esta existe.

-**METONIMIA** ou **SINÉCDOQUE**: Noméase unha parte polo todo, unha parte por outra, o todo por unha parte,...

-**ANTONOMASIA**: Consiste en substituír un nome común por un nome propio (tamén pode ser común), o cal posúe algunha relación co inicial nome común.

-**SÍMIL** ou **COMPARACIÓN**: Consta dun plano real A e un plano evocado B, unidos por un nexa comparativo: *Os seus ollos son como faros.*

-**METÁFORA**: O plano real e o plano evocado do símil aparecen identificados sen a intromisión de ningún nexa comparativo.

-**IMPURA** ou **IMAXE**: Presentan explícitos os dous planos: *Os seus ollos son faros.*

-**METÁFORA PURA**: Son máis difíciles de percibir porque desaparece o plano real, só queda o evocado: *Os faros da súa cara*.

-**ALEGORÍA**: Metáfora continuada (Negra sombra).

-**PERSONIFICACIÓN** ou **PROSOPOPEIA**: Atribúese calidades humanas ó que potencialmente carece delas: *As pedras choraban*.

-**HIPÉRBOLE**: Esaxeración desmesurada que trata de provoca-lo sorriso no lector. Emprégase frecuentemente en poesía satírica.

-**SINESTESIA**: É un tropo que consiste en mesturar sentimentos con sensacións visuais, olfativas, gustativas,...

-**LÍTOTE**: É a atenuación do que se quere expresar. Atenuación que se logra mediante un rodeo de palabras, normalmente precedidas do adverbio de negación *non* (*barba non coidada*)

-**IRONÍA**: Consiste en expresar unha idea con palabras que indican aproximadamente o contrario do que e quere dicir.

-**SÍMBOLO**: Consiste en substituír un substantivo que se refire a un elemento ou sentimento por outro substantivo con que aparentemente non ten relación. O elemento, polo que se substitúe trata de representar unha realidade espiritual. O símbolo é difícil de interpretar, porque o que para un poeta pode ser un símbolo, para outro pode non selo. Con todo, algúns símbolos son universais (*rosa: xuventude e beleza*).

-**OXÍMORON**: Unión de conceptos incompatibles

-**ANTÍTESE**: Oposición de elementos contrarios.

-**PARADOXO**: Unión de ideas aparentemente opostas ou irreconciliables.

-**SILEPSE** ou **DILOXÍA**: Palabra usada en dous sentidos simultaneamente.

-**ANTANACLASE**: Repetición dunha palabra en dous sentidos diferentes.

-**SARCASMO**: Ironía cruel ou mordaz.

-**ANTÍFRASE**: Atribucións a un elemento de características contrarias ás súas

4. ISOTOPÍAS DO TEXTO.

Termo proposto por Greimas e central na súa consideración da semántica: "Por isotopía enténdese un feixe de categorías semánticas redundantes, que subxacen no discurso que se considera", que fai que a lectura sexa uniforme e única. A isotopía non é un procedemento, senón un concepto básico para a definición de procedementos: as diferentes isotopías relacionadas entre si, presentes nun discurso, conforman o seu universo. No caso dun poema, axudan a conforma-lo seu tema.

ä . PLANO DO CONTIDO

ä .â . **ASUNTO OU ARGUMENTO**: Consiste en realizar un pequeno resumo empregando as nosas propias palabras tratando de contar de forma breve o contido do texto.

ä .ã . **TEMA**: É a idea base que aparece no texto, o tema debe ser expresado nun máximo de 10 palabras. Unha vez sinalado o tema debemos comentar dous aspectos relacionados con este:

1. Tratamento que lle dá o autor ó tema: Un tema aparentemente serio como por exemplo a morte pode ser tratado polo autor do texto de xeito cómico; pola contra, un tema aparentemente cómico pode ser tratado con seriedade. No comentario debemos analizar se o tratamento é_

Lírico-amoroso

Irónico-burlesco

Cómico

Filosófico

2. Inclusión do tema na historia da literatura e na obra do autor

ä .ä . **APARTADOS**: Xeralmente, todo texto está estruturado nunha serie de apartados. A nosa misión é descubrilos e para o mesmo teremos en conta as seguintes opcións:

1. Analiza-lo contido do texto e descubrir que polo contido existen varias partes.

2. Diferencia-los apartados do poema polas estruturas sintácticas semellantes.